

NOTA ACLARATORIA DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN SOBRE OS GASTOS SUBVENCIONABLES EN RELACIÓN COAS CONVOCATORIAS VIXENTES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTRUTURACIÓN DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS E OUTRAS ACCIÓNS DE FOMENTO

En base á facultade que a mencionadas convocatoria outorga á Axencia Galega de Innovación para ditar instrucións específicas para unha mellor definición dos conceptos subvencionables e da súa xustificación económica establécese o seguinte:

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indudable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo de execución da correspondente anualidade da axuda.

En relación con estes gastos, ademais das condicións establecidas na referida convocatoria, deberán terse en conta as seguintes consideracións para os epígrafes que se relacionan a continuación:

- **Pequeno equipamento e equipamento informático**

Non se consideran elixibles os gastos de reparación do equipamento pero si que son financiáveis os gastos de mantemento do mesmo.

Este material deberá estar dado de alta no inventario (físico e contable) da entidade beneficiaria.

So se consideran elixibles as licencias e programas de ordenador de carácter técnico directamente vinculados ao proxecto investigador. Non serán elixibles as licencias de programas de carácter xeral (Acrobat, Microsoft Office, etc).

As tablets e teléfonos móbiles non se consideran gasto elixible salvo que as características do proxecto de investigación o fagan necesario para a execución das súas actividades científico-técnicas, o que deberá xustificarse na correspondente certificación do gasto.

No caso de tablets ou teléfonos móbiles de alta gama deberá xustificarse expresamente esa elección en relación coas necesidades do proxecto de investigación.

Este material deberá estar dado de alta no inventario (físico e contable) da entidade beneficiaria.

Non se consideran elixibles os gastos de accesorios para estes dispositivos (soportes, altavoces adicionais, auriculares, alfombrillas, maletíns, fundas, etc.)

- **Material funxible**

Non son subvencionables os gastos en material de oficina nin o material funxible informático (tónér, cartuchos de tinta, cd, etc.)

Admítense os seguintes gastos, sempre que estean directamente relacionados coa actividade financiada: memoria RAM, disco duro externo, memoria USB, teclado, ratón, webcam e batería externa.

- **Custos de matrículas e inscricións a cursos, congresos, seminarios e coloquios**

Admítense exclusivamente aqueles que teñan relación directa coa temática da actividade investigadora.

- **Axudas de custo e locomoción**

O importe do gasto non poderá superar as contías máximas sinaladas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razóns de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia (actualizado pola Resolución do 24 de novembro de 2023; DOG núm. 229, do 1 de decembro).

- **Organización de actividades de transferencia, divulgación e difusión**

Nos servizos de catering relacionados con estas actividades admítense unicamente un servizo de café con un importe máximo de ata 10 euros por asistente (na correspondente factura deberá figurar o número de unidades e o importe por unidade).

Para o caso da asistencia a estas actividades admitirase como gasto de aloxamento a pernoita exclusivamente durante o día anterior e os días de realización da actividade.

Para o caso do material de *merchandising* destas actividades establécese un límite máximo de gasto equivalente ao 10% do importe da axuda concedida.

- **Publicación dos resultados da investigación en aberto**

Deberá acreditarse a publicación en aberto no período correspondente á anualidade xustificada da axuda. No momento da revisión da documentación xustificativa deberá poder comprobarse a publicación en aberto.